



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 23 de maio do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para a licitación nº 2024/CONTRAT/000041
- **Público asistente:**
 - D^a Alejandra Zapata Maceiras, Técnica de Contratación, durante a totalidade deste acto.
 - D. Miguel Ángel Viqueira Pérez, Oficial Xefe da Policía Local, para a licitación nº 2024/CONTRAT/000055
 - D. Lucas Bordonás Sánchez en representación de “Compostela Motor, S.A.”, para a licitación nº 2024/CONTRAT/000055

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000041: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

2.- 2024/CONTRAT/000055: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

3.- 2024/CONTRAT/000062: SUBMINISTRACIÓN DE LEÑA EN FARDOS PARA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E FESTAS DO MAR 2024 NO CONCELLO E OLEIROS

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





1.- 2024/CONTRAT/000041: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002138, de 25 de abril do 2024, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto, do servizo denominado “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación é de 20.567,66 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (4.319,21 €), o que supón un importe de 24.886,87 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 25 de abril do 2024.

Rematado o día 10 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
FLINQ INGENIERÍA S.L.	B70497003	10-05-2024 18:54

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 16 de maio do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a única empresa presentada a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

O día 22 de maio do 2024, D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, emite informe técnico de valoración da oferta suxeita a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	MEMORIA
FLINQ INGENIERÍA S.L.	29,00 / 30,00





A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, detectan un erro na oferta presentada pola empresa "FLINQ INGENIERÍA, S.L.". Así, a empresa anota a mesma cantidade (17.995,00 €) nas tres casas correspondentes á oferta económica; é dicir, a mesma cantidade para a casa do importe da oferta económica sen IVE, na casa do 21% de IVE e na casa da oferta económica con IVE (nas tres casas indica 17.995,00 €).

A Mesa de Contratación, tendo en conta que para avaliar as ofertas considérase unicamente o importe da oferta sen IVE; acorda admitir a oferta presentada e proceder á súa avaliación. Posteriormente, o importe do IVE será o que corresponda por lei, que neste caso é o 21%.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		FLINQ INGENIERÍA
Oferta económica	Importe, sen IVE	17.995,00 €
	Puntos	17,51 / 30,00
Experiencia servizos contratación subministración enerxética	Nº servizos	21 servizos
	Puntos	30,00 / 30,00
Experiencia servizos asistencia técnica actuacións eficiencia enerxética programas financiados por fondos europeos	Nº servizos	32 servizos
	Puntos	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		57,51 / 70,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	FLINQ INGENIERÍA, S.L.	B70497003	29,00 / 30,00	57,51 / 70,00	86,51 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONCELLO DE OLEIROS" a empresa FLINQ INGENIERÍA, S.L. (B70497003) por un importe de 17.995,00 €, sen IVE; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





2.- 2024/CONTRAT/000055: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002361 de 7 de maio do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración denominada “ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL”

O importe de licitación é de 33.057,85 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (6.942,15 €), o que supón un importe de 40.000,00 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 7 de maio do 2024

Rematado o día 22 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
COMPOSTELA MOTOR, S.A.	A15156029	22/05/2024 18:54:14

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	COMPOSTELA MOTOR	
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Non presenta
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Non presenta
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Non presenta
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Non presenta
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Non presenta
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	





Así, a Mesa de Contratación comproba que a empresa “COMPOSTELA MOTOR, S.L.” (A15156029), non presenta o “anexo IV – autorizacións e declaracións” tal como establece na cláusula 2.2.4, apartado A.a) do PCAP.

Para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación; dado que é un defecto emendable e que só se presentou unha oferta a este procedemento, a Mesa decide admitir a esta empresa e, no caso de resultar adxudicataria, deberáselle requirir que presente o “anexo IV – autorizacións e declaracións” xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP.

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir á única empresa presentada a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		COMPOSTELA MOTOR
Oferta económica	Importe, sen IVE	Vehículo novo.- 33.056,20 € Vehículo a entregar.- 300,00 €
	Puntos	75,00 / 75,00
Aumento prazo de garantía	Incremento	Non
	Puntos	0,00 / 10,00
Localización servizo post-venda	Distancia	Fóra do termo municipal a unha distancia inferior ou igual a 15 km.
	Puntos	10,00 / 15,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		85,00/ 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	COMPOSTELA MOTOR, S.A.	A15156029	85,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato para a subministración denominada “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL” a empresa “COMPOSTELA MOTOR, S.A.” (A15156029) por un importe para o vehículo ofertado de 33.056,20 € (sen IVE) e unha valoración para o vehículo que o Concello entregará de 300,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





3.- 2024/CONTRAT/000062: SUBMINISTRACIÓN DE LEÑA EN FARDOS PARA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E FESTAS DO MAR 2024 NO CONCELLO DE OLEIROS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002445, de 10 de maio do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE LEÑA EN FARDOS PARA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E FESTAS DO MAR 2024 NO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación, é de 8.250,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (1.732,50 €), o que supón un importe de 9.982,50 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de maio do 2024

Rematado o día 20 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
HERMANOS GARCÍA ROCHA, S.L.	B15023880	16/05/2024 10:12:24

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	HNOS. GARCÍA ROCHA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Cumpre
	Datos de subcontratación	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre





Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		HNOS. GARCÍA ROCHA
Oferta económica	Importe	7.935,00 € (9.601,35 € co IVE)
	Puntos	17,83 / 100
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		17,83 / 100

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	HERMANOS GARCÍA ROCHA, S.L.	B15023880	17,83 / 100

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración denominado “SUBMINISTRACIÓN DE LEÑA EN FARDOS PARA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E DAS FESTAS DO MAR 2024” a empresa “HERMANOS GARCÍA ROCHA, S.L. (B15023880) por un importe de 7.935,00 € (9.601,35 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e prace da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

